

# CRISTINA LUCAS É CAPITAL

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA  
Santiago de Compostela

Comisaria: Manuela Villa

Inauguración: 17 de outubro ás 20:00 h  
Do 17 de outubro de 2014 ao 22 de febreiro de 2015  
Planta primeira

Producen:



Colaboran:



Co apoio de:



Pode empregar este enlace para descargar o *dossier*  
en formato pdf e imaxes en alta resolución:  
<http://xurl.es/cristinalucas>

# CRISTINA LUCAS

û @>MFQ> I

## TODO É CAPITAL. UN RELATO POSIBLE SOBRE A HISTORIA DO CAPITALISMO


*É capital* pivota arredor do tratado de economía política que máis transcendencia tivo no transcorrer da historia do século XX, *O capital* de Karl Marx, cuxo primeiro tomo se publicou en 1867. Un tratado froito da tenacidade de Marx por comprender o funcionamento dun incipiente capitalismo industrial e as relacións do capital e os traballadores das grandes fábricas. Así, *É capital* analiza esa excesiva dominación que ten o capital na nosa forma de entender o mundo, nas nosas relacións sociais, na nosa percepción estética, filosófica, etc. Esta condición que o sistema económico ten sobre o ser humano, individuos e sociedades, é o que Cristina Lucas pon de manifesto neste proxecto.

O traballo ao que Cristina Lucas nos ten afeitos non está exento de certa ironía e sutil sentido do humor. En *É capital* a artista analiza algunhas das principais incógnitas, paradoxos e retos do actual sistema capitalista nunha obra que podería denominarse política, en tanto en canto está relacionada con esa responsabilidade que

ten o cidadán da polis de entender a sociedade que o rodea. Desde a distancia que lle outorga o seu rol de artista e que para Jacques Rancière é a que precisamente fai que a arte sexa política, Lucas parece ter sempre un ollo posto na historia, facendo uso dela para mellorar a nosa comprensión do presente.

Nun chiscar de ollos a ese interese narrativo, gústame entender esta exposición como unha especie de relato histórico e subxectivo (ficticio) do capitalismo. Así, ao principio, durante o capitalismo industrial, o elemento clave na teoría marxista para analizar a explotación do capitalista sobre o traballador era a plusvalía. O relato continúa coa desaparición do patrón ouro no período de entreguerras e o paso a un capitalismo financeiro baseado na especulación. Un afán de lucro que afecta incluso a conceptos absolutos como morte, arte ou vida. A narración termina cunha reflexión sobre o futuro dun sistema que asenta na imposibilidade física de que o acceso á riqueza sexa global. Este relato histórico coincide coas catro obras que forman *É capital: Plusvalía, La cámara del tesoro* (A cámara do tesouro), *Capitalismo filosófico* e *El superbién común* (O superbén común).

A obra *Plusvalía* está composta por un vídeo e unha serie de documentos cuxo conxunto fai referencia a un concepto cuñado por Marx. A plusvalía é definida por Marx, no tomo I de *O capital*, como o valor que o traballo non pagado do obreiro asalariado crea por encima do valor da súa forza de traballo. Un valor do que se apropia gratuitamente o capitalista. "Sen este beneficio non habería sociedade capitalista", advirte Marx. O vídeo de 22 minutos narra a historia do manuscrito de *O capital* de Marx: a súa investigación na biblioteca de Londres, as súas múltiples revisións, a relación entre Marx e Engels, a dificultade deste para ler os complexos manuscritos de Marx, o destino do



Cristina Lucas: *Plusvalía*, 2014. Vista da exposición *Cristina Lucas. Es capital*, Matadero Madrid, 2014. Foto: Paco Gómez / Matadero Madrid



Cristina Lucas: *La cámara del tesoro*, 2014. Vista da exposición *Cristina Lucas. Es capital*, Matadero Madrid, 2014. Foto: Paco Gómez / Matadero Madrid

manuscrito no período de entreguerras e a súa localización actual. Un vídeo que xira arredor dunha única e maravillosa entrevista concedida por Marien van der Heijden, responsable de Desenvolvemento da Colección do Instituto Internacional de Historia Social de Amsterdam, a institución que custodía o que queda do manuscrito orixinal na actualidade. Van der Heijden relátanos, ás veces en primeira persoa, unha apaixonante historia a través dos ollos da artista.

O vídeo é froito da pulsión de Lucas por coñecer o prezo (valor de cambio) que ten hoxe en día o famoso tratado de economía política. Un prezo que pon de relevo a natureza perversa dun sistema económico que converte en fetiche un texto que xorde da necesidade mesma de denunciar a especulación capitalista. Así, ademais do vídeo e dunha copia do manuscrito, podemos ver algunhas das taxacións que Lucas conseguiu por parte de casas de poxas como Christie's, que vendeu en 2012 un exemplar da primeira edición da triloxía por 61.673 dólares americanos. Unha investigación aberta que segue o seu curso.

### RELIQUIAS DO CAPITALISMO MERCANTIL

A relación entre o valor de uso e o valor de cambio nunha sociedade rexida polas normas do capitalismo financeiro tamén está na base do traballo *La cámara del tesoro*, dúas fotografías da totalidade de ouro que hai almacenado na Reserva do Banco de España e que locen como unha reliquia dun sistema baseado no patrón ouro, é dicir, do tempo en que este metal precioso fixaba o valor da unidade monetaria dun país e a súa riqueza. Unha imaxe que no actual contexto de crise non deixa de ter unha aura melancólica que remite a tempos supostamente máis felices.

A Cámara do Ouro é un espazo duns 2.500 metros cadrados localizado a 48 metros baixo terra do edificio do Banco de España, en Madrid. A cámara acoirazada, que sobreviviu aos bombardeos da Guerra Civil, foi inaugurada en 1936 e protexe 7.400 lingotes de ouro. Un lugar cheo de curiosidades. O acceso ao ouro realízase a través de dous ascensores, unha porta acoirazada de 15 toneladas de peso, un foso e outras dúas portas acoirazadas de 13 toneladas cada unha. Entre a primeira e a segunda porta temos que cruzar unha ponte sobre un foso que quedaría anegado ante calquera ameaza detectada. Tras salvar estes obstáculos, acompañados por persoal do banco, que combina as súas respectivas chaves para abrir as portas, atopámonos con lingotes e moedas de ouro amoreados en estantes deseñados polo enxeñeiro Alexandre Gustave Eiffel. Dá certa tenrura observar como carteis escritos á man informan sobre o contido dos paquetes que custodian as moedas de ouro. Esta é a primeira fotografía que un (ou unha) artista toma nos túneles da Cámara do Ouro. Un traballo que recrea unha das funcións principais do artista, a de popularizar o que o Estado agocha.

Se a plusvalía parecía explicar, para Marx, a principal forma de explotación do sistema capitalista sobre o cidadán no capitalismo mercantil e industrial, tras a Segunda Guerra Mundial e coa aparición do capitalismo financeiro que coñecemos hoxe en día, as formas de explotación comezan a facerse máis sutís. A libre circulación de capital, a globalización e o control da economía produtiva por parte das grandes corporacións financeiras cambia a relación que ten o traballador co capital, así como as nosas relacións sociais e

persoais. Desta forma, tamén aparecen pensadores que explican as novas formas de dominación con termos como *biopoder*, descrito polo seu creador, Michel Foucault, como a práctica dos Estados modernos de “explotar numerosas e diversas técnicas para subxugar os corpos e controlar a poboación”<sup>1</sup>. O traballador estaría dominado polo capital non xa a través da expropiación do valor do seu traballo senón a través do seu desexo. Desta maneira, o capitalismo dominaría os nosos corpos a través da irrupción do capital en conceptos como o amor, a vida, a morte, a arte, o medo ou a dor.

Esta especulación con intanxibles é o que analiza *Capitalismo filosófico*. Unha busca por comprender a relación existente entre os conceptos filosóficos cos que comercian as empresas e a súa actividade comercial. Nove vídeos compostos por unha serie de entrevistas nas que Cristina Lles pregunta aos portavoces de máis de sesenta empresas qué son para eles a morte, a beleza, a arte, a vida, a verdade, a xustiza, o cidadán, o espazo, o tempo, o medo e a dor. Un elaborado e sutil exercicio de maiéutica, é dicir, de *dar a luz* a través do cuestionamento, que pon en evidencia o que cada individuo verdadeiramente pensa —ou deixa de pensar— sobre estes conceptos. Para extraer estas definicións, Lucas prepara unha longa entrevista de carácter periodístico sobre cuestións vitais para as empresas. Pregúntalles se o seu é un negocio en auge, se lles afecta a crise económica ou se hai algo do que se sintan especialmente orgullosos como marca. E dentro deste longo

cuestionario introduce, como unha dúbida máis, algo que normalmente non preguntaría un periodista, pero que, se o pensamos detidamente, ten todo o sentido preguntar: que é a morte para unha empresa funeraria?, que é a beleza para una clínica de cirurxía estética ou para unha axencia de modelos?, que é a verdade para una notaría?, que é o tempo para un reloxeiro?

O resultado é un conxunto de definicións, subxectivas e aleatorias, que nos achega máis á definición imperante sobre algunhas das cuestións que preocuparon a humanidade desde o principio da civilización. Avogados, galeristas de arte, directores de empresas de seguros, notarios ou maquilladores aproximámonos a esa idea do mundo que construímos nas sociedades dominadas polo capital. Así, aprendemos dunha axencia de modelos que “unha persoa guapa é aquela que che transmite un sentimento ou che chega a impactar o que che está vendendo”<sup>2</sup> ou dun cirurxián plástico que “a beleza é manter determinados patróns”<sup>3</sup>. Unha inmobiliaria diranos que o espazo é “un dos luxos máis grandes”<sup>4</sup> e unha empresa de reloxos que o tempo “se está convertendo nunha escravitude porque temos que vivir en tempo real”<sup>5</sup> ou que “na sociedade en que vivimos, perder tempo é perder vida”<sup>6</sup>. Este conxunto de definicións, relativamente espontáneas, conforman un retrato bastante aproximado (e devastador) do papel que teñen estes conceptos nas nosas sociedades e pon en evidencia que comprender como funciona o capitalismo, como albisca Marx, é capital para comprender o noso mundo.



Cristina Lucas: *Capitalismo filosófico*, 2014. Vista da exposición *Cristina Lucas. Es capital*, Matadero Madrid, 2014. Foto: Paco Gómez / Matadero Madrid



Cristina Lucas: *Superbién común. Abrigo de lince*, 2014

## ESPECULACIÓN NUN MUNDO DE BENS LIMITADOS

En *El superbién común* a artista analiza, a través de cinco fotografías montadas sobre cinco caixas de luz, un dos principais paradoxos do sistema capitalista: a escaseza de recursos e a incapacidade do noso planeta para xerar riqueza suficiente se todos os seus habitantes aspiran a un modelo de vida baseado no consumo ilimitado de bens e servizos. Unha serie de persoas de trazos asiáticos esfórzase en utilizar un obxecto de luxo europeo como unha cadeira Eames, un abrigo de pel de lince, un coche Mercedes de luxo, un cabalo pura raza ou uns zapatos Manolo Blahnik. Son os afortunados que conseguiron alcanzar o nivel de benestar dos países ricos. Non obstante, este desexo mundial —e aparentemente democrático— de confort agocha detrás unha imposibilidade ambiental que se mide a través de valores como a pegada ecolóxica. Un indicador que avalía o impacto sobre o planeta dun determinado modo de vida comparándoo coa capacidade ecolóxica da Terra para rexenerar os seus recursos. Segundo datos de Global Footprint Network para 2007, calcúlase que farían falta dous planetas coma este para que máis de 6.000 millóns de seres humanos puidesen vivir coma un cidadán francés de clase media<sup>7</sup>.

As fotografías de *El superbién común* preséntanse no mesmo formato que os millóns de anuncios publicitarios que inundan as nosas rúas e conseguen espertar no espectador unha primeira reacción de desexo —a través de cores vistosos e sorrisos enlatados— que se transforma aos poucos segundos en incomodidade ante a comprensión de que se trata dunha corrosiva crítica ao noso consumismo exacerbado e individualista.



Cristina Lucas: *Superbién común. Manolos*, 2014

Unha peza de amargo calado cuxo título, non obstante, parece abrir un espazo de oportunidade. O ben común, definido pola RAE como “o ben do que se benefician todos os cidadáns”, é un concepto cada vez máis presente no debate público. Así, para o filósofo estadounidense Michael Sandel, despois da Segunda Guerra Mundial, a ética sae do debate político e comezan tres décadas de triunfalismo dun discurso mercantilista no que todo ten un prezo (sanidade, xustiza, cultura). Pero Sandel, igual ca outros, reivindica políticas do ben común que pasen por pensar en nós mesmos como cidadáns e non unicamente como consumidores<sup>8</sup>. Algo extremadamente difícil nun contexto onde todo *É capital*.

Manuela Villa

- 1 Michel Foucault, “La voluntad del saber”, vol. 1, *Historia de la sexualidad*, Siglo XXI, México, 2005
- 2 Tony Parra, directora de Stars Model Agency.
- 3 Dr. Moisés Amselem, médico estético da Clínica Moisés Amselem.
- 4 Kristina Szekely, administradora única de KS Kristina Szekely.
- 5 Yann Reznak, director de Grassy.
- 6 José Carlos González Prieto, xefe de taller de Maestro Relojero.
- 7 <http://www.footprintnetwork.org/>
- 8 *A New Politics of the Common Good*. Michael Sandel: *A New Citizenship. The Reith Lectures*. BBC Radio 4. (Gravada na George Washington University en Washington D.C.) <http://www.bbc.co.uk/programmes/b00lb6bt>

**CGAC**

DEPARTAMENTO DE PRENSA E COMUNICACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 632 / Fax: 981 546 625

[cgac.prensa@xunta.es](mailto:cgac.prensa@xunta.es)

[www.cgac.org](http://www.cgac.org)

**galicia**



Co apoio de:



**moure**